# Plan de promoción do centro

DO-0202P1

Universida de Vigo

Facultade
de Dereito

| Plan de promoción do centro | Código: DO-0202P1 |
|---|---|
| | Data: 17/10/2014 |
| | Versión electrónica |

O equipo decanal da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo considera que é necesario actualizar o Plan de promoción do centro. O obxectivo fundamental é dar a coñecer a Facultade de Dereito e as titulacións de grao e posgrao que nela se imparten e de ofrecerlles información directa a estudantes potenciais e á sociedade en xeral; acadar unha maior adecuación dos/as demandantes dos estudos de dereito de grao e posgrao aos perfís definidos nas memorias dos títulos que se ofertan neste centro; e impulsar a internacionalización da Facultade de Dereito.

Neste plan defínense as liñas de acción que se levarán a cabo para acadar os obxectivos sinalados, as persoas que colaborarán nestas accións, así como os criterios de seguimento para poder avaliar periodicamente os resultados logrados e poder establecer as accións de mellora que correspondan. O período de vixencia do plan é indefinido, sen prexuízo da actualización e a aprobación dun novo plan cando se considere oportuno pola existencia de cambios, novas necesidades, novos requisitos, debilidades detectadas... Esta duración indefinida non exime a facultade da avaliación anual dos seus resultados.

O equipo decanal da Facultade de Dereito considera que este plan contribuirá a unha mellora da calidade do servizo público que dende este centro se lle presta á sociedade, ao tempo que pretende optimizar todos os recursos técnicos, económicos e humanos aplicados aos obxectivos previamente establecidos.

| **Redacción** | **Validación** | **Aprobación** | **Actualizacións** |
|---|---|---|---|
| Equipo decanal | Comisión de Garantía de Calidade | Xunta de Facultade | Comisión de calidade |
| Data e sinatura | Data e sinatura | Data e sinatura | Data e sinatura |
| 31/07/2014 | 10/10/2014 | 17/10/2014 | 16/01/2017<br>11/07/2019 |
| Roberto O. Bustillo Bolado<br>Decano da Facultade de Dereito | Marta Fernández Prieto<br>Presidenta da Comisión de Garantía de Calidade | Roberto O. Bustillo Bolado<br>Decano da Facultade de Dereito | Lourdes Borrajo Diz<br>Presidenta da Comisión de Calidade |
| Marta Fernández Prieto<br>Vicedecana de Planificación e Calidade | M.ª Dolore[illegible]s<br>Secretaria da Comisión de Garantía de Calidade | M.ª Dolores Fernández Fustes<br>Secretaria da Facultade de Dereito | Concepción Martínez Marínez<br>Secretaria da Facultade de Dereito |

| Titulación | Obxectivo | Acción(s) asociada(s) | Responsable da(s) acción(s) | Canles de difusión | Data de realización | Lugar de realización | Recursos necesarios | Seguimento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Dereito/ simultaneidade ADE-Dereito | Promover o centro e as titulacións de grao entre o estudantado (alumnado de bacharelato e de formación profesional) | - Visitas guiadas ao centro<br>- Charlas informativas nos IES e nos centros de FP (perfil de ingreso, nota de acceso –variable–, plan de estudos, mencións, prácticas externas e TFG, horarios –variable–, bolsas de estudo, curso cero, PAT, mobilidade nacional e internacional, perfil de *egreso*, saídas profesionais, instalacións da facultade e do Campus de Ourense…)<br>- Representación do centro en xornadas ou feiras de promoción de estudos universitarios<br>- Publicidade directa do centro nos períodos de celebración das PAU<br>- Charlas breves sobre temas xurídicos de | - Equipo decanal<br>- Coordinadores/as dos títulos<br>- Profesorado do centro (directamente ou acompañado de alumnado dos últimos cursos ou egresados/as titorizados) | - Páxina web do centro<br>- Redes sociais<br>- Folletos informativos | De forma permanente, en especial dende o mes de febreiro ata o mes de xullo | - IES de Galicia<br>- Centros de FP de Galicia<br>- Facultade de Dereito<br>- Outros | - Recursos humanos (equipo decanal, coordinadores/as, profesorado e alumnado dos últimos cursos ou egresados/as)<br>- Recursos materiais (web do centro, canles e medios de promoción, material de promoción…)<br>- Recursos económicos proporcionados polo centro ou a universidade | - Estatísticas sobre o número de visitas ao centro e á web<br>- Seguimento en redes sociais<br>- Rexistro de accións fóra do centro |

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | interese para o alumnado de bacharelato ou FP | | | | | | |
| **Titulación** | **Obxectivo** | **Acción(s) asociada(s)** | **Responsable da(s) acción(s)** | **Canles de difusión** | **Data de realización** | **Lugar de realización** | **Recursos necesarios** | **Seguimento** |
| Grao en Dereito/ simultaneidade ADE-Dereito | Proporcionarlles información actualizada aos orientadores/as de ensino secundario sobre as titulacións que se imparten no centro | Envío de información (perfil de ingreso, plan de estudos, perfil de *egreso*…) aos orientadores/as de ensino secundario | Equipo decanal | Correo postal e electrónico | De forma permanente, en especial dende o mes de febreiro ata o mes de xullo | Facultade de Dereito | - Recursos humanos<br>- Recursos materiais<br>- Recursos económicos do centro | Rexistro de correos remitidos aos orientadores/as |
| Máster universitario en avogacía | Promover o centro e o Máster universitario en avogacía entre o estudantado (licenciados/as ou graduados/as en Dereito ou doutro título universitario de grao equivalente que acredite a adquisición das competencias xurídicas precisas) | - Sesións informativas (perfil de ingreso, plan de estudos, horarios, bolsas, prácticas externas, perfil de *egreso*…)<br>- Cursos sobre saídas profesionais<br>- Representación do centro en xornadas ou feiras de promoción de estudos universitarios<br>- Publicidade a través de diversos medios | - Coordinador/a do título<br>- Equipo decanal | - Páxinas webs da facultade e do mestrado<br>- Redes sociais<br>- Folletos informativos<br>- Publicidade | De forma permanente | - Facultade de Dereito<br>- Outros centros universitarios<br>- Outros | - Recursos humanos<br>- Recursos materiais<br>- Recursos económicos do mestrado e do centro | Rexistro de accións |

| Titulación | Obxectivo | Acción(s) asociada(s) | Responsable da(s) acción(s) | Canles de difusión | Data de realización | Lugar de realización | Recursos necesarios | Seguimento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Todas as titulacións do centro | Promover o centro e as titulacións que nel se imparten entre a comunidade universitaria e a sociedade en que se incardina, e dar a coñecer as súas actividades en Galicia | - Organización de conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos e sobre as novidades do centro<br>- Comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades<br>- Envío de folletos e carteis informativos | - Equipo decanal<br>- Profesorado do centro | - Cartelaría, folletos informativos<br>- Actualización da páxina web do centro e do profesorado<br>- Anuncios en medios de comunicación<br>- Redes sociais | De forma permanente | - Facultade de Dereito<br>- Outros | - Recursos humanos<br>- Recursos materiais<br>- Recursos económicos (proxectos, axudas, centro) | Rexistro de actividades |

| Titulación | Obxectivo | Acción(s) asociada(s) | Responsable da(s) acción(s) | Canles de difusión | Data de realización | Lugar de realización | Recursos necesarios | Seguimento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Todas as titulacións do centro | Promoción internacional do centro, das súas titulacións e dos grupos de investigación entre alumnado e profesorado de universidades da UE (con especial atención a Portugal), latinoamericanas e doutras universidades | - Páxina web<br>- Envío de correos electrónicos<br>- Promoción a través do profesorado do centro que realiza estadías de investigación ou docentes de curta e longa duración noutras universidades<br>- Información sobre as titulacións impartidas na Facultade de Dereito, congresos, investigación, bolsas ao estudo e á investigación, aloxamento na Universidade de Vigo, programa de mobilidade | - Responsable de relacións internacionais<br>- Equipo decanal<br>- Profesorado do centro | - Páxina web<br>- Correo electrónico<br>- Información directa do profesorado da facultade que estea a realizar estadías de investigación ou docentes noutras universidades | De forma permanente | - Facultade de Dereito<br>- Centros doutras universidades | - Recursos humanos<br>- Recursos materiais<br>- Recursos económicos (proxectos, axudas, centro) | - Estatística de profesorado da Facultade de Dereito que ao longo do curso realiza estadías de investigación ou docentes noutras universidades<br>- Rexistro de actividades |